

GRACIANO

As persoas somos tamén pasos, andaina, portadores da flor e das espiñas. Un pode ir lixeiro ou vagaroso. Nas viaxes de cadaquén aparecen as pegadas que retratan ao atufado ou a un prudente, ao solidario ou ao avarento de todas as medallas e as carteiras. Nas longas e pequenas distancias alguén gardará a memoria para tecer a biografía íntima de noso. Velaí o Tempo, ese catastro que non cesa en soterrar ou emerxer a vida en obra, e viceversa.

Arestoras en Cambados xubíbase o Graciano, un nome agradecido que se corresponde co seu corpo e alma, alomenos así é a miña lembranza. Nas arroutadas dos padriños que nos puñan nomenclator había un santoral ben chusco e mintireiro. E un apandaba de por vida co santiño da época, fosen El ou Ela dos miragres ou dos resignados, dos tesos ou dos aburridos. As nenas, tiñan as mellores posibilidades coa fonética dos ceos, e por acaso tamén os santuarios de máis sona e capital na Gallaecia non laica daquel tempo.

Graciano era, será na lembranza, o bedel do IES Ramón Cabanillas. Un dos tantos funcionarios públicos que residen na garita do edificio que abre e pecha o tempo das horas e dos días a prol do ensino primario e secundario, ese intermedio nas escalas das aprendizaxes de todo tipo, cando a alumna/o apprehende e compartilla horas de estudo e de silencio e tamén por acaso os primeiros bicos que se incendian nos ollares.

Nos meus anos de aprendiz o bedel era en sempre masculino, coma se a gramática non dese a licencia para que a muller alzase o seu nome identitario entre a multitude xuvenil dos nosos IES, entón nominados Instituto Masculino-Instituto Feminino, así de separados no xénero e nas distancias; non fose xa aquel o inicio do pecado. Eramos os cautivos mailos precavidos.

Mudaron os tempos e as consciencias. Semella un alborecer igualitario, que non o é. Ábreanse as fiestras e nas garitas de hoxendía xa hai os nomes femininos que atenden e sorrín, coma os gracianos da tanta sintonía. E un acorda do sono e lembra os nomes de todas e todos, comprometidos co sorriso da primeira porta que se abre na casa das luces cara ás vidas de futuro. A mau que atende; os bos días, boas tardes; a voz que entrega os últimos recados e as mensaxes, os apuntamentos de onte, esquencidos na fotocopiadora; o lixo que xa non está no tabardo do profesor despistado por mor das tantas présas; os paraugas, as mensaxes prioritarias, as porminoritarias; os mandados, a correspondencia que vén distante e diferente; a compañía nas viaxes co alumnado para que a Gallaecia fose recoñecida no real, alén dos libros; a lingua, esa salutación, a conversa demorada do entretempo, as despedidas...Ata un pantalón que pendura ao enxoiro no silencio máis prudente da garita foi para min un bálsamo naquela media mañá de chover e chover e chover que me pillou o ceo de inverno na contemplación do patrimonio marabilloso de Santa Mariña Doce. Dende a porta do IES, Graciano dixo: ven. E fíxose a seca; e dei as clases de galego e todos rimos a anécdota e o retrato da miña figura dentro daquelas dimensións do lenzo que eran e cadraban en grande co bedel que chegara hai anos dende a montaña labrega de Ourense ata a ribeira do sorriso e do albariño.

No antepostigo desta crónica, e no cadrar do tempo e dos amigos sei tamén de urxencia que neste venres, día sete do mes do outono, co san Froilán de sobrefesta en Lugo, xubila outro caro amigo e compañeiro na Xunqueira do Cobo, en Pontevedra, o Instituto e a cidade do meu abur ás aulas. Edelmiro Barreiro, profe de debuxo e novas de agarimo, que sempre está nas sendistancias dos correos de Internet e naquela morada

feliz dos versos que agradeceran os derradeiros *graffites* libertarios que ilustraban a noite do Campolongo, sob as pedras da ruína.

Vai polo voso humanismo amábel, silandeiro, humilde. E digo os outros nomes, que son tamén da miña andaina: Felicio, Leandro, Sabela, Luisa, Manoel, Xesús, Antonio... Señoras e Señores da garita. Mil primaveras.

Xosé Vázquez Pintor